

PRESENTACIÓN DO LIBRO

Presentación o mércores 27 de outubro de 2010, ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”
(Pazo de “Vila Melania”, Vilaboa, Culleredo).

Interveñen:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura
Laura González-Garcés Santiso, directora da Biblioteca
Provincial “Miguel González Garcés”.

Francisco Pillado Mayor, editor.

Xulio L. Valcárcel, autor.



***MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS,
MINEIRO DE LUZ,
DE XULIO L. VALCÁRCEL***

Presentación

A Biblioteca da Poesía “Uxío Novoneyra” continúa co seu programa de presentacións de libros facéndoo co libro *Miguel González Garcés, mineiro de luz*, de Xulio López Valcárcel, publicado por Edicións Laiovento.

É Xulio, dende hai anos, un constante e xeneroso colaborador coas actividades desenvolvidas pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo. Nesta ocasión, co libro de Xulio e o lugar de presentación unimos o nome de Miguel González Garcés, fillo adoptivo de Culleredo e que dá nome á Biblioteca Municipal do Burgo, co de Uxío Novoneyra. Tres dos máis grandes nomes da poesía galega.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Xulio López Valcárcel naceu en Lugo en 1953. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago, é profesionalmente procurador nos Tribunais. Participou nos colectivos "Cravo fondo" e "De Amor e Desamor".

Colaborador en prensa (pódese citar a súa importante páxina literaria de *El Ideal Gallego*, que mereceu o Premio "Irmandade do libro", outorgado pola Federación de libeiros, 2002) e, dende hai anos, na radio (*Entre libros con X.L.V.* Radio Coruña, Cadena SER).

É membro da Asociación Española de Críticos Literarios (2006).

Ten publicado poemas, ou diversos traballos sobre arte e literatura, en ducias de revistas. Algúns dos seus poemas están traducidos a castelán, catalán, portugués, inglés, italiano, ruso, francés, macedonio, asturiano, euskera, rumano, alemán, holandés, polaco, húngaro, grego, armenio ou árabe.

Foi Premio Nacional de Poesía para menores de 25 anos; Premio Guimarães, en Portugal; Premio “Celso Emilio Ferreiro” do Concello de Santiago (1979); Premio "Antonio Tovar" en Ourense (1993); Premio “Miguel González Garcés”, da Deputación da Coruña (1993); Premio da Crítica Galega (2003); Premio da Crítica Española (1994 e 2004).

A súa obra está recollida en diversas antoloxías: *Escolma da poesía galega, 1976-1984*, de Xosé Lois García (1984); *Desde a palabra doce voces*, de Luciano Rodríguez (1986); *Escolma da Poesía galega de hoy*, de Basilio Losada (1991); *Los caminos de la voz, seis poetas gallegos de hoy*, de Luciano Rodríguez (1995); *Poesía Gallega Contemporánea*, de Luciano Rodríguez (1996); *Galician generation of the eighties. Three poets*, (ed. bilingüe galego-inglés), de Luciano Rodríguez (1999); *25 anos de poesía galega, 1975-2000*, de Luciano Rodríguez (2002); *Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000*, de Arturo Casas (2003); *Poetas gallegos do século XX. Antoloxía*, de Luciano Rodríguez (2004).

LIBROS PUBLICADOS:

Poesía: *Véspera do día* (1979); *Alba de auga sonámbula* (1983); *Solaina da ausencia* (1987); *O sol entre os dedos* (1993); *Memoria de Agosto* (1993); *El volumen de la ausencia*, ed. bilingüe galego-castelán (1997); *En Voz Baixa* (2002); *Casa última* (2003); *Se envellecemos sós* (2007, poema traducido a 17 linguas); *A melancolía dos corpos* (2008).

Narrativa e ensaio: *Anel de Mel* (1991); *Campo de Marte* (1999); *Viaxe ao corazón de Galicia* (2001); *Historias del Campo de Marte* (2002); *Sinais na area* (2007).

Preparou as seguintes antoloxías: Miguel González Garcés: *Poesía galega* (edición, selección e notas) (1998); Miguel González Garcés: *Porta do aire. Escolma poética* (edición, selección e notas) (2005). Traduciu, con Suso Pensado, o libro *Serodio amor*, de Emilio Coco (2006).

